



Grupo Provincial Socialista
Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado e portavoz provincial do **GRUPO SOCIALISTA** da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE AXUDAS PARA INSTALACIÓNS E SERVIZOS PÚBLICOS NOS NÚCLEOS HISTÓRICOS DA PROVINCIA DE** que espera sexa admitida en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A provincia de Ourense conta cun patrimonio histórico único que o converte nun dos seus principais valores a manter e utilizar na súa oferta turística e como ferramenta de desenvolvemento e creación de emprego nas nosas comarcas.

Neste escenario os núcleos e conxuntos históricos requiren o mantemento dunha calidade nos servizos e un estado que os veciños residentes e os concellos lle resulta difícil manter, ademais moitas das actuacións necesarias non poden ser afrontadas polo elevado custe.

Realizar as instalacións de abastecemento, saneamento ou alumeado nas condicións requiridas ten un custe maior que noutros espazos. Eliminar cableados de subministro eléctrico ou telefonía das fachadas, suprimir antenas de televisión, instalar rótulos ou publicidade, sinais de tráfico, papeleiras ou contedores, de forma respetuosa co entorno, instalar sistemas de peonalización, restaurar espazos degradados son algunhas das que se require un sistema de axuda que permita manter uns conxuntos históricos que é patrimonio colectivo e una fonte de riqueza a aproveitar.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Provincial Socialista somete a debate e aprobación a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

- Crear una liña de axuda ás actuacións municipais en servizos e espazos públicos dos conxuntos e núcleos históricos (que teñan algún grado de protección), para o que se redactará no primeiro semestre deste ano unha convocatoria pública na que se recollan as actuacións a financiar, porcentaxe e contía así como os criterios para a concesión.

Ourense, a 12 de febreiro de 2016

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

email: gruposocialista@depourense.es
facebook: [gruposocialista.depourense](https://www.facebook.com/gruposocialista.depourense)
twitter: [SocialistaDepou](https://twitter.com/SocialistaDepou)